

O segredo das irmás Asorey

1ª. edición, 1ª. impresión, 2024

Título orixinal: *El secreto de las hermanas Asorey*

© Marta Estévez, 2023

Por acordo coa axencia Rolling Words.

© Aira, 2024

Follas Voadoras, SL
Praza da Torre Lombarda, 1, Baixo
32660 Allariz
contacto@editorial.gal

Entra en airaeditorial.gal e coñece todas as vantaxes de subscribirte
ao CLUB AIRA

© Pola tradución do castelán: César Lorenzo

Ilustracións e deseño da tapa: Rubén Rial

Impresión: Imprenta Mundo

ISBN: 978-84-127695-5-5

Depósito legal: OU 22-2024

Reservados todos os dereitos. Esta obra está protexida pola lei.

O SEGREDO DAS IRMÁS ASOREY

MARTA ESTÉVEZ

Tradución de César Lorenzo



Aira

Aos meus, sempre, incluso aos que non están.



Estou enraizada, pero flúo.
Virginia Woolf

A Compostela achégase un coma quen se achega ao milagre.
Álvaro Cunqueiro

PRIMEIRA PARTE



1

O día que morreu padre mudou o eixe do noso mundo tal e como o coñeciamos. A súa ausencia non nos impide seguir a vivir, mais facémolo dun xeito menos natural, coma se nos faltasen un ou varios órganos —non vitais, polo que se ve— e algún dos sentidos —non necesariamente o mesmo a todas, polo que parece—.

Nunca fun precoz nin as vin vir; case sempre comprendín as cousas cando xa pasaran. Sobre todo en cuestións de amor.

Teño vinte e cinco anos e estou solteira. Tilde di que ás mulleres da miña idade examínannos con lupa até que chega un intre no que xa non nos miran. Mentiría se dixese que non noto esas olladas —iso si podo percibilo, mais só porque non se esforzan en disimulalo—. Vinte e cinco anos é unha idade incómoda para unha muller. A non ser que esteas casada e teñas varios fillos. Nese caso, vinte e cinco anos é a idade perfecta e o centro da túa mocidade.

Sinto un abismo entre o que son e o que se espera de min.

Cunha pouca de sorte, Celia casará de aquí a pouco e deixarán de mirar para min.

Eloísa Asorey

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 21 DE ABRIL DO 1931

(UNHA SEMANA DESPOIS DE PROCLAMARSE A II REPÚBLICA)

Eloísa camiña pola rúa dos Loureiros, cun aire pegañento, vibrante de oportunidades, incrustado nas súas meixelas e a blusa levemente frunxida por fóra da saia. Anda lixeira, case que aboia, esporeada polo optimismo que alimenta os ventos de cambio, malia que unha nube negra cinxe a súa cabeza desde hai un tempo. As reunións da sociedade literaria sempre resultan estimulantes, parece que algo se coce alí dentro.

Ela ten sorte.

Abraza as súas costelas ao cruzar o abrigo. Empeza a estar raído polos extremos, mais sabe que non poderá comprar un novo nun futuro próximo —nin case nada que non sexa imprescindible, en realidade— se non queren fulminar os aforros que lles deixou o seu pai. A vida é moi diferente dentro e fóra da casa, agora e antes, pero sobre todo agora. Unha descarga á altura do esterno déixaa sen aire no medio da praza de San Miguel. A luz moribunda do farol do recanto reconfortaa só en

parte. Ergue a cabeza e dirixe a ollada cara ao segundo andar. O edificio de cantaría é imponente; desprende un aire de forte máis que de casa, aínda que agora, sen o seu pai, un pouco menos. Retrocede varios pasos para apoiarse na balaustrada de pedra, diante da igrexa de San Martiño Pinario. Ás veces faino, cando a vida lle resulta inabordable e necesita ser valente. Retroceder e agardar. Sobre todo agardar. Parece que esa sexa a solución a meirande parte das veces.

Só un par de minutos. Xa está. Empurra a porta e contempla as escafeiras desde abaixo. Aboia no vestíbulo un cheiro a guiso frío que lle revolve o estómago.

A posición das súas irmás ao redor do braseiro defíneas con bastante acerto. Só Tilde e Celia se incorporan ao vela, coma se necesitasen que alguén as rescatase do abismo ao que foran parar.

—Aínda vives! —ladra Tilde erguendo a ollada da media que está a zurcir.

Malia que a súa voz soa a reproche, non está anoxada. Clotilde, a irmá máis vella das Asorey, emprega un ton áspero, de cadelo, máis ben por obriga, coma se pensase que o seu status de primoxénita incluíse rifas. Tea, pola contra, non é quen de berrar. Un día quixo facelo —abriu a boca e separou a gorxa a conciencia—, mais o aire soou ridículo, coma o berro dun xordomudo. Derretida no diván de madeira, cunha beira da faciana afundida nun coxín, Dorotea Asorey amaga un levantamento de cellas.

Eloísa bótalle unha ollada xeral á sala e busca a única nota de cor e movemento entre tanto moble repuxado e escuro. Pechado na súa gaiola, un guacamaio azul e amarelo bate as ás cada dez segundos exactos.

—Onde andabas? —pregúntalle Celia.

A súa voz si soa a reproche.

—Na sociedade literaria.

—Na sociedade literaria, na sociedade literaria —remédaa—. Sempre estás na sociedade literaria.

—Calquera diría que che molesta —contesta Eloísa.

—Non me molesta, vaia parvada, é só que ás veces...

—Ás veces que, Celia?

—Ás veces non parecec...

—Triste? Pensas que non o estou? É iso o que queres dicir?

—Ben, non digo que non o esteas, iso soamente o sabes ti —afirma a irmá máis nova—. É que non soporto eses aires de muller moderna que te dás.

A gargallada de Tilde exime a Eloísa de ter que contestar.

—Non sexas ridícula, anda —dille a máis vella—, xa nada é moderno, nin sequera Eloísa. Hai tempo que penso que o progreso se desvirtuou, é coma se chegase ao seu tope e dese voltas sen parar, condenado a pasar unha e outra vez polos mesmos sitios. Hoxe en día unha xa non sabe o que é moderno, que vai saber! Celia, criatura, para sentirnos modernos teríamos que retroceder moito no tempo —Fai coma quen pensa niso—. Á Grecia de antes, aí deberíamos ir. Aquilo si que era modernidade —suspira—, pero isto... Boh! —xesticula con desprezo—. Máis do mesmo.

—Calade xa, por favor —murmura Tea, cuxo corpo estendido permanece na mesma posición que cando Eloísa entrara—. Non sei como podedes discutir por bobadas logo do que nos pasou.

Tea non murmura con ningunha intención concreta; murmura porque é o único xeito de falar que coñece. Eloísa déixase caer nunha cadeira, ao lado do diván da súa irmá.

—Tea, criatura —suspira Tilde—, temos que seguir coas nosas vidas, xa o temos falado, é mellor así. Non che nos queda outra, debemos de ser fortes.

O ton de Tilde volveuse monótono, coma de nana ou arrollo. Por primeira vez Tea despega o seu corpo miúdo do respaldo do diván. Os seus ollos estáticos son dúas bólas de alcanfor, brillantes, inertes.

—Como podes dicir iso, Tilde? Eu non podoo ser forte. Non podoo, xa o sabes.

As súas costas redondéanse de novo coma se quixesen formar unha coiraza na que agochar o seu corpo.

—Tranquila, tranquila —Tilde propínalle unha palmadiña por palabra—. Falemos doutras cousas... Imos ver, Eloísa, cóntanos, de que se fala na rúa?

—Iso, iso, Eloísa. Cóntanos. Xa cheira ao fume?

A pregunta de Tea —inesperada e rotunda— fai que todas miren unhas para as outras.

—Ao fume? A que fume, criatura? —berra Tilde.

—Do lume que vén de Madrid —contesta Tea.

—Lume? —replica Tilde—. Non sexas boba, aquí non hai lume nin o vai haber. Ninguén se atrevería a queimar unha igrexa. Esas cousas non pasan aquí. Compostela non podería volverse laica nin aínda que quixese, sería unha contradición moi grande. Moi grande —repite erguendo o peito e mantendo as costas dereitas—. Compostela é santa e ninguén pode alterar iso, o Apóstolo xamais o permitiría, oes?

—Non sei, Tilde. Todo está mudando tanto, o país enteiro estase transformando. Non me chistan os cambios. Nosoutras xa sufrimos cambios dabondo. Nada se mantén estable durante moito tempo. Non o soporto.

—Ás veces os cambios son necesarios —farfalla Eloísa.

—Non para min, non para min!

Tea rubrica cada negación cun golpe seco de cabeza, debuxando xes no aire, coma se lle quedase o aceno de cando era unha nena. Tilde desprega os brazos sobre a irmá e apura a contestar que nada vai mudar tanto, que todo ha ser parecido, pero sen rei. «Confía en min», repite tres veces, polo menos, mentres lle dedica unha ollada reprobatoria a Eloísa, quen, desta vez, anica a cabeza.

—Iso espero, Tilde. Bastante temos nosoutras co que pasou aquí dentro...

—Chiss... Non falemos diso agora, criatura. Mellor non falemos diso.

—Pero non podemos ignoralo! É que non notades o mesmo ca min?

Eloísa sopesa se preguntar que é o que nota Tea ou se será mellor deixalo pasar. Con Tea nunca sabe como actuar, calquera movemento en

falso, calquera palabra fóra de ton, e a casa enteira podería voar polos aires, así que prefire un «que» en voz baixiña.

—O fedor a morto —contesta Tea—. Non importa canto limpemos, o fedor a morto é máis forte. Non marchará nunca, dígovos que nunca marchará. Se polo menos padre tivese outro final... Se a xente soubese...

—Fedor a morto, fedor a morto! —repite o guacamaio, que, de xeito sistemático, se converte no eco de Tea.

Eloísa garda silencio. A caída de ollos de Tilde e un movemento disimulado co brazo fan que ningunha se atreva a falar. É un «tranquilas, deixádema a min».

—Criatura, xa o temos falado, é mellor así. É mellor así —insiste.

—Pois eu penso que aínda estamos a tempo de contar a verdade. Non se pode vivir con isto aquí dentro —di Tea, e sinala un punto no centro do peito.

—Tranquilízate, criatura. É normal que de cando en vez nos entren dúbidas, pero agora non podemos recuar. Pasou máis dun mes, a verdade a estas alturas soaría a algo peor.

—Non sei que pode haber peor —xeme Tea.

Tilde abandona o cuarto. A determinación coa que camiña fai que sempre saiban cara a onde se dirixe. Fedella na cociña, bate as portas da lacena, abre a billa, péchaa, óese unha topada contra o mesado de mármore —dun vaso, con toda probabilidade—, un obxecto metálico tinguilea contra o cristal. Logo dun cacho volve co puño pechado e un vaso de auga na outra man. Depósitao sobre a mesa redonda coa resolución coa que se executan as accións rutineiras. Abre un papel fino, case transparente, e verte uns pos no interior do recipiente.

Por primeira vez, Tea incorpórase con decisión. Os seus ollos brillan coma se vise o sol. Xa non dubida. Alonga o brazo e bebe o líquido dun grollo.

—Déitate, criatura —murmura Tilde.

Tea mira para a irmá con devoción e asente, tranquila, adiantándose á calma que ha vir.

—Graciñas, Tilde. Ti sempre tan...

Tea papa as últimas palabras, faino constantemente, coma se de antemán aceptase a súa derrota. Eloísa pregúntase se serán elas as culpables de que non se esforce en vivir. É catorce anos máis vella ca ela, só un ano máis nova ca Tilde, mais compórtase coma unha cativa. Sabe moi ben que non se pode sedar o sufrimento, que os pos non fan maxia e que calquera día volveranse na súa contra, mais ela tamén está cansa, e por esta vez confórmase.